
Edición de documentos profesional e colaborativa na nube con L^AT_EX

Laura M. Castro, Universidade da Coruña

AULA DE FORMACIÓN INFORMÁTICA, 2018

Obxectivos

Os sistemas de edición de documentos na nube están crescendo en popularidade grazas a un conxunto de características moi atractivas: (a) non é necesario instalar software, só dispoñer dun navegador web; (b) as conexións a internet dispoñibles en lugares de traballo, centros educativos, e cada vez máis fogares son rápidas e suficientemente fiables; (c) non é necesario facer copias de seguridade dos documentos; e (d) permiten o traballo simultáneo de varias persoas sobre un documento común.

Nos últimos anos, entre os sistemas de edición colaborativa de documentos na nube, xorden aqueles capaces de utilizar L^AT_EX, un sistema profesional que permite a obtención de acabados dunha alta calidade estética con pouco esforzo. Neste curso, aprenderemos a utilizar estes sistemas, acadando os coñecementos necesarios para crear todo tipo de documentos, desde simples informes até artigos de investigación ou memorias de traballos, TFGs, TFMs, teses, etc.

Requerimentos

Só son precisos coñecementos de informática de usuario a nivel básico. Aínda que o curso será desenvolvido nos equipos da Aula de Formación Informática, a ferramenta fundamental será o navegador web. Non se instalarán ningún tipo de extensións ou complementos, polo que os coñecementos adquiridos poderán ser aplicados utilizando calquera sistema operativo e calquera navegador web.

Contidos

As liñas mestras que se seguirán ao longo do curso responden ao seguinte esquema:

- Conceptos básicos de edición colaborativa
- Conceptos básicos de edición na nube
- Conceptos fundamentais de edición $\text{\LaTeX}$:
 - Elementos de estrutura: capítulos, seccións, etc.
 - Elementos de formato: listas, sangrías, etc.
 - Elementos de estilo: fontes, tamaños, etc.
 - Elementos de composición: táboas, cadros, imaxes, etc.
 - Elementos especiais: ecuacións, bibliografía, etc.
- Conceptos avanzados de edición $\text{\LaTeX}$:
 - Outros tipos de documentos: presentacións, pósters.

Referencias

- [1] Bernardo Cascales Salinas. *El libro de $\text{\LaTeX}$* . Pearson Educación, 2003.
- [2] Walter Mora, Alexánder Borbón. *$\text{\LaTeX}$ 2012: Edición de textos científicos*. Instituto Tecnológico de Costa Rica, 2012.